

SAMAÍN



Equipo de Dinamización
da Lingua Galega
CEIP A MAÍA

“VARRENDO OS MEDOS”

Con motivo da celebración do Samaín no noso colexio desenvolvemos unha serie de actividades entre o profesorado, alumnado e familias que tiveron moi boa acollida. O resultado foi o que vos amosamos agora neste pequeno recopilatorio:

1.- Elaboración dun cartel a cargo do Equipo de Normalización lingüística para presentar a actividade: Varrendo os medos.



2.- Información ás familias a través da web do colexio:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamaia/?q=taxonomy/term/23>

3.- Información ao profesorado e proposta de actividades para a celebración do Samaín. Unha das propostas consistía en decorar as portas das aulas de xeito libre pero cunha vasoira e temática do Samaín.





4.- Exposición de Libros sobre o Samaín e os medos e de como superalos e afrontalos. Esta actividade foi en colaboración co Equipo da Biblioteca: Agustín Fernández Paz.



5.- Organizar unhas exposicións nos edificios de Educación Infantil e de Primaria.

Ditas exposicións levaron por título “Varrendo os medos”. A idea consistiu en transformar unha vasoira (facendo así clara mención ás meigas galegas) nunha personaxe de medo, ou un obxecto relacionado con esta temática. Para isto, pedimos a colaboración das familias que se implicaron axudando aos seus fillos e fillas con creatividade, habilidade, moito traballo e por suposto con sentido do humor. Houbo verdadeiras obras de arte e moi inxeniosas! Moitísimas grazas porque sen vós isto non houbera sido posible, pero seguro servirá para que os vosos fillos e fillas non esquezan nunca o Samaín 2023.

Para que poidades vós tamén desfrutar destas exposicións vos deixamos esta montaxe destas increíbles exposicións. Foi un bo Samaín!

VARRENDO OS MEDOS - INFANTIL









VARENDO OS MEDOS- PRIMARIA

























6.- Tamén propuxemos ao profesorado a elaboración con rolos de papel hixiénico de motivos alusivos ao tema por parte do alumnado de Infantil e Primeiro Ciclo de Primaria.



7.- Tivemos ambientación musical durante a semana de referencia do Samaín con música galega axeitada á temática.

8.- Na Aula Virtual e dentro da materia de Música e Danza o alumnado e tamén o profesorado podía atopar un tema sobre o Samaín elaborado polos mestres especialistas de música e danza do centro, Anxo e Mercedes Blanco, para os distintos niveis tanto de Infantil como de Primaria con actividades, cancións e audicións alusivas ao tema para poñer nas aulas. No caso do terceiro Ciclo o mesmo, pero na propia plataforma dixital de Edixgal.

Firmado:

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN DA LINGUA